





# A Cova das Vacas Mortas

## Jaureguizar

XERAIS





## FICHA TÉCNICA

Título: *A Cova das Vacas Mortas*  
Autor: Jaureguizar  
Editorial: Edicións Xerais de Galicia  
Colección: Fóra de Xogo  
Nº páxinas: 144  
ISBN: 978-84-9782-480-6  
PREMIO FUNDACIÓN CAIXA GALICIA  
DE LITERATURA XUENIL 2006



## O AUTOR

SANTIAGO JAUREGUIZAR (Bilbo, 1965)

Traballa como xornalista en *El Progreso* de Lugo.


Pertence ao movemento Bravú. É vocalista do grupo de narrativa trip hop Elviscristo Furious Machine. Realizou guións para curtametraxes e foi pioneiro na introdución da literatura galega na rede.

Como narrador ten publicados os seguintes libros: *Freedom Spik*, *Comendo espaguetis diante da televisión*, *As horas sucias*, *Breve crónica universal da clase obreira* (Premio Lueiro Rey 2001), *Casa Skylab* (Premio Xerais 2003), *Cabaret Voltaire* (Premio Manuel García Barros 2005)...

Tamén son súas as novelas xuvenís *Todo a cen*, *A rutina corsaria*, *Salitre*, *¡Balea morta ou lancha a pique!...*

Mantén aberto o blog Cabaret Voltaire.





## O LIBRO

Premio Fundación Caixa Galicia de literatura Infantil e Xuvenil 2006 (I convocatoria). Segundo o xurado, merece este galardón pola riqueza temática e pola capacidade de construción dun protagonista adolescente que afronta con valentía os problemas que lle tocou vivir. A súa lectura é áxil grazas aos abundantes e ricos diálogos e a unha lograda ambientación espacial, que, sen exceso de descrições, consegue transportarnos afectivamente ao lugar onde se desenvolven os acontecementos.

Na montaña luguesa os restos dunha comuna de hippies sobrevive en casas tomadas. Esta situación vai cambiar cando os donos volven a facerse cargo das propiedades.

No medio desta situación atopamos a Xoel, un adolescente cheo de sentido común que ten como mellor amigo a un obreiro. O seu avó, un estraño alemán que se pasa o día coa cámara na man filmando ou facendo que filma, fala continuamente da documentalista Leni Riefenstahl, da que di foi axudante.

Todo pode pasar en calquera lugar; mesmo nos montes galegos se pode atopar unha aldea como decorado dunha vila alemá.


A novela conta coa súa propia web: <http://www.jaureguizar.info/cova>



## TEMAS E VALORES

3

- *Comunas e movemento hippie*. Unha volta aos anos nos que estes movementos tiveran unha certa repercusión. O establecemento de comunas nos lugares afastados e marxinais.
- *A cineasta Leni Riefenstahl*. A historia desta documentalista, famosa nos anos do III Reich, traída de novo á actualidade.
- *O nazismo e os réximes afíns*. Colocar estes personaxes en Galicia, daquela e moitos anos máis tarde, nun xogo de posibilidades que funciona a modo de calidoscopio.
- *A propiedade privada*: os ocupas e os donos. As dúbidas ante quen ten máis dereito, se aqueles que se quedaron dándolle vida ás casas abandonadas nos últimos tempos ou os que tiveron que deixalas para forxarse un futuro lonxe de alí.
- *A amizade e o amor*. A adolescencia e os seus sentimentos.
- *Enfermidade de Alzheimer*. Esquecelo todo, mesmo o funcionamento do corpo, lembrar o pasado ao soñalo.
- *A asunción de responsabilidades* coa familia e coa sociedade. Os dous protagonistas son un bo exemplo de compromiso en cada unha das súas decisións.



## ACTIVIDADES

\* As actividades que se propoñen, a continuación están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

### ANTES DA LECTURA:

- Co libro na man anticiparemos ao seu contido. Con esta fin, observaremos as capas e imaxinaremos o que podemos atopar nel.
- Atenderemos ao que nos suxira o título e a ilustración da portada.
- A lectura da contraportada axudaranos a adiantar o argumento do mesmo. Deixamos que agromen os coñecementos previos acerca deste tema. Falamos doutros libros que tamén o traten.
- Identificamos o autor e comentamos o que saibamos acerca del. Para elaborarmos esta actividade podemos axudarnos coa lectura do epígrafe que leva por título «O autor». Podemos localizar outros libros da súa autoría, en primeiro lugar no apartado «Jaureguizar en Fóra de xogo». Se alguén os leu, pode comentarnos a súa impresión, se considera que tiñan algo en común, que foi o que máis lle chamou a atención, etc.
- 4 • Realizamos unha busca na rede por se atopamos algo diferente co que completar esa biobibliografía.
- Podemos falar da colección, doutros títulos que coñezamos que pertencen a ela e da opinión que nos mereceron.
- Comentamos as expectativas que temos acerca deste libro.
- Imaxinamos unha historia con este título.

### AO LONGO DA LECTURA:

- Lemos as citas coas que comeza o libro e tentamos explicalas. De non sermos capaces, esperamos ao final da lectura, cando teñamos máis datos.
- Identificamos o narrador da historia.
- Seleccionamos aqueles fragmentos que nos interesaron máis para podermos compartilos máis tarde cos compañeiros e compañeiras.
- Localizamos os lugares que se citan na novela e situámoslos nun mapa.
- Despois de ler cada un dos capítulos cambiámoslle o título, buscándolle un que nos resulte máis axeitado.
- Situamos o relato e o que nel sucede no tempo histórico.

- Investigamos acerca dos encoros: os que hai, cando se realizaron, cal era a súa función...
- Imaxinamos como quedarían as aldeas asolagadas. Podemos representar esta imaxe e recoller algunha lenda que fale das cidades que permanecen debaixo das augas.
- No texto fálase da época do franquismo. Debemos buscar datos acerca deste tempo histórico.
- A Terra Cha. Un lugar sobre o cal algúns autores, como Manuel María, escribiron. Busquemos algún deses textos literarios para entendela mellor.
- Por veces, a realidade é aínda máis fantástica que a ficción. Esta podería ser unha delas?
- De cara a poder realizar unha boa descrición, imos tomando nota das características de cada un dos personaxes.
- Investigamos sobre o movemento hippie, a súa ideoloxía e pensamento, a súa estética... Podemos facer unha xornada hippie na que a roupa, a música, os carteis teñan esa temática.
- Xoel necesitaba saber quen era o seu pai, pero a nai dicíalle que el era «froitado do amor colectivo de todos os que conviviran algunha vez en Foxo» e que, desta maneira, tiña «doce pais que miran por ti no canto dun». Que opinas disto?
- A nai de Xoel tiña unhas ideas realmente especiais que levaba á práctica. Así, se non traballaba era «porque o traballo terma da explotación capitalista». Apunta algunha outra que che chamase a atención.
- Busquemos os datos e contestemos ás seguintes preguntas:
  - Que cambios trouxo consigo o feito de abrir a pista ata Foxo?
  - A que se dedicaba Birke?
  - Onde vivía Xoel a meirande parte do tempo?
  - En que se diferenciaban as opinións de nai e fillo respecto da invención dos cartos?
  - De onde sacaba Xoel todo o que precisaba?
  - De que nacionalidade eran os comeneiros?
  - Que significará o nome do instituto Fontem Albei?
  - Que referencias ecolóxicas atopades no texto?
  - Que premios conseguiu o cine desta documentalista?
  - Que películas de Leni se citan no texto?
  - Por que o can do profesor Robles se chama Cancerbeiro?
  - Que ten que ver o Ventosela do principio da novela coa casa de Ventosela na que se converte a que fora dos Islandeses?
  - Atopastes algún refrán no texto?
- Ás veces centrámonos naqueles aspectos físicos que non podemos cambiar, sen decatarnos de que o problema está noutros que facilmente poderíamos transformar. Así pensa Xoel sobre o aspecto do profesor Robles. Reflexionade acerca deste comentario pois seguramente descubriredes que ese feito non é tan extraordinario.
- Indaguemos acerca da enfermidade de Alzheimer.

- Os desaloxos sempre resultan desagradables. Lembra de algún do que vos informades nos medios de comunicación. Comentade en que casos adoitan suceder. Falando deste tema, o profesor Robles di «Iso acontece dende que o mundo é mundo. O conto empezou no mesmo día da primeira disputa entre neanderthales e cromagnons por unha cova e aínda hoxe non rematou. A única norma que rexe no mundo é a lei do máis forte. É esta unha lei sen compensacións para o perdedor, porque o conto vaino contar logo o vencedor». Expliquemos a cita e opinemos ao respecto.
- No texto aparecen unha serie de referencias culturais como a canción *Non nos moverán*. Irás atopando a Joan Baez, Einsteín, Goya, a Bienal de Venecia, Dante, Plauto e moitas outras. Documentémonos en torno a elas.
- Tamén hai outro tipo de referencias actuais como Shin Chan, os Dodotis... Atopaches algunha máis?
- Os topónimos amósannos a orixe dos pobos: xermánicos, celtas, romanos... Se algún equipo se anima podería realizar unha investigación acerca dos topónimos máis próximos.
- Localicemos recursos literarios.
- Busquemos o léxico propio do cine que aparece no texto.
- Investiguemos a biografía de Leni Riefenstahl, a súa relación co Führer, as películas que realizou...
- Na páxina 45 atopamos unhas declaracións de Birke que poden resultar interesantes. Releámolas.
- Realicemos un debate en torno ao tema que discuten Xoel e Guillerme nas páxinas 47 e 48.
- A cámara no ollo, pasar a vida filmando, realizando tomas... «Eu son unha cámara. Non penso. Limítome a calcular a luz, as sombras, o encadre...» Intercambie opinións ao respecto.
- Co cine de Leni Riefenstahl podemos introducir o debate entre arte ou propaganda. Busquemos outros exemplos e falemos.
- Un equipo pode investigar sobre o tempo do nazismo, as SS, Hitler...
- A realidade pode derrubar calquera tipo de prexuízo. Hitler consideraba a raza aria como superior a calquera das demais. Non entanto, nas olimpíadas realizadas en Alemaña é un negro quen gaña.
- O avó contáballe películas á nai á volta do traballo. Probemos a contarnos os uns aos outros o filme do que máis gozamos.
- O suicidio das baleas e dos vellos cando senten que rematou o seu tempo pode ser un tema sobre o que debater.
- Unha aldea existindo sobre un decorado de cinema, Guipelbolfe. Seguramente se nos ocorrerán outros casos.
- A fuxida dos nazis ao longo do mundo. Busquemos outras novelas que traten esta temática.

- A decisión de Iria. A rapaza fai a denuncia sabendo que pode perder a Xoel e que a esas alturas tal vez só queden vellos en Guipelbolfe. Comentade o que fariades ante unha situación deste tipo ou ante outras que poidades ir definindo entre todos.
- Falemos de cine, de cal é o xénero que máis nos gusta, o director ou directora preferido, os actores e actrices máis interesantes...
- Por momentos, o mundo de Xoel semella estar do revés. El –un rapaz de dezaseis anos– coida da súa nai, cámbialle os cueiros ao seu avó... Que máis che resulta estrano?

#### DESPOIS DA LECTURA:

- • Unha vez lida a novela, expliquemos cal é e pode ser a razón do título. Comentemos entre todos que outras cabeceiras nos parecerían axeitadas para esta historia.
- Escribimos unha dedicatoria para este libro.
- Esta podería ser unha boa historia para pasar a cine. Imaxinemos como facelo, que música poñerlle, por onde comezar a rodaxe, que actores e actrices poderían representar os personaxes... Trataríase, case, do cine dentro do cine, pois nela habería que recoller as películas da cineasta alemá.
- Podemos escribirlle unha carta ao autor comentándolle a nosa opinión sobre este libro e suxeríndolle outros temas que podería tratar.
- Resumimos o argumento desta historia. Observamos cal sería a trama principal e cales as secundarias. É posible que nesta novela se amalgamen diferentes argumentos que poderían dar perfectamente para varias historias. Opinemos ao respecto.
- Realizamos unha posta en común para comentar a nosa opinión sobre o texto.
- Lemos as outras novelas deste mesmo autor.
- • Intentamos identificar os valores que defende o autor.
- Realizamos un cómic baseado na novela.
- Realizamos un debate acerca do nazismo, o fascismo e o franquismo.
- Relacionamos a novela con algunha película.
- Entramos no blog Cabaret Voltaire do autor e, desa maneira, tamén poderemos entrar en contacto con el.



**Pedidos a:**

**Comercial Grupo Anaya**  
**Polígono de Bergondo**  
**1ª Travesía - Parcela B1**  
**15.165 Bergondo (A Coruña)**  
 Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660

**XERAIS**

Doutor Marañón, 12. 36211 Vigo  
 Apartado Postal 1446. 36200 Vigo  
 Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80  
 Telefax: (986) 20 13 66  
 Correo electrónico: xerais@xerais.es  
<http://www.xerais.es/>

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2007  
 © Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007  
 Depósito legal: VG. 54-2007